

## DOCUMENTACIÓN COPLEMENTARIA

**Xunto co Anexo I e Anexo II debidamente cubertos, debe achegarse a seguinte documentación:**

- a) Xustificante da matrícula para o curso académico 2024/25
- b) Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Se non ten libro de familia ou este non reflecta a situación, poderá acreditar o número de membros da familia utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:
  - 1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
  - 2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- c) Certificado de convivencia da persoa solicitante e os demais membros computables da familia no mesmo domicilio e número de habitantes do lugar onde residen
- d) Certificado oficial das notas del curso escolar 2023/24 e se non cursase estudos neste, o do último curso que realizase.

**De haber algunha das seguintes situacións, documentación que acredite esta circunstancia:**

- 1) Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou de calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.
- 2) Documentación xustificativa da exención do requisito de non repetir curso nin ter abandonado o curso iniciado.
- 3) Documentación acreditativa da concorrencia de circunstancias persoais ou familiares moi graves para eximir do requisito de accesibilidade aos estudos desde o lugar de residencia.
- 4) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero. Poderá acreditarse en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- 5) Resolución xudicial xustificativa do acollemento familiar.
- 6) Para acreditar vida independente respecto da unidade familiar: escritura de compra, contrato de alugamento ou título que lexitima a ocupación da vivenda, e recibos acreditativos do pagamento de subministracións (auga, luz ...).
- 7) Documentación xustificativa de que é solicitante de programa Erasmus ou outro programa de intercambio.
- 8) Calquera outro documento que consideren conveniente.